

Cumio

# Sangue sobre a neve

Manuel Forcadela

Colección Cómplice

*Non te alporices por cousa dos malvados  
nin enveres aos malfeitores  
pois axiña secan como feo,  
murchan como herba.*

Salmo 37,1-3.

## Índice

Capítulo primeiro . . . . .	9
Capítulo segundo . . . . .	25
Capítulo terceiro . . . . .	41
Capítulo cuarto . . . . .	57
Capítulo quinto . . . . .	75
Capítulo sexto . . . . .	91
Capítulo sétimo . . . . .	107
Capítulo oitavo . . . . .	127
Capítulo noveno . . . . .	143

Primeira edición: maio, 1990  
Segunda edición: xaneiro, 1992  
Terceira edición: febreiro, 1993  
Cuarta edición: outubro, 1993  
Quinta edición: decembro, 1994  
Sexta edición: marzo, 2008

© do autor: Manuel Forcadela  
Maquetación: Natalia Susavila Moares

Edicións do Cumio, S.A.  
Ramalleira, 5 - 36140 Vilaboa (Pontevedra)  
Tel. 986 679 035  
cumio@cumio.com / www.cumio.com

Ningunha parte de esta publicación, incluído o deseño da cuberta, pode reproducirse, almacenarse ou transmitirse de ningunha forma, nin por ningún medio, sexa éste electrónico, químico, mecánico, óptico, de gravación ou de fotocopia, sen a previa autorización escrita por parte da Editorial.

ISBN: 978-84-8289-067-8  
Impresión: C/A Gráfica  
Depósito legal: VG 242 - 2008  
Impreso en España

## Capítulo primeiro

Cando a prensa local publicou a noticia do achado do corpo de Luciano J. Puga, moi pouca xente podería sospeitar das verdadeiras razóns daquela morte. Durante algún tempo, e antes de que a policía emitise algún xuízo, especulouse co suicidio. De feito, dos dous buracos que presentaba o corpo do xerente de Conservas Puig e Hijos, S.A., só un resultaba evidente na contemplación inmediata do cadáver, situado mesmo xunto a tempa dereita, alí onde sempre colocan a pistola os que queren desfacerse de si propios dun xeito rápido e escasamente doloroso. O outro, na parte superior da caluga, a pesar dos lixeiros sinais de sangue que tinxían o cabelo, pasara inadvertido para aqueles paseantes que encontraran o corpo xunto á vella escalinata de pedra da praia de Alcabre. Só cando o informe do forense coñeceu a luz pública e os resultados da autopsia saíron publicados nos xornais comezou a estenderse a tese do crime e todas aquelas teorías que, dun día para outro, pareceran ter certo fundamento (a separación, había un ano, da súa segunda muller; a súa afección ao alcohol; a vida disipada que, segunda algunhas fontes, levara nos últimos meses e, sobre todo, a aparición dunha pistola xunto ao corpo) caeron polo seu propio peso. Aínda que alguén pretendera finxir un suicidio, cousa certamente probada polo detalle escenográfico en que fora disposto o cadáver, o segundo dos impactos de bala, tan mortal

de necesidade como o outro, foi unha proba contundente de que a morte lle viñera dada por unha man distinta á do mesmo morto. Nunha cidade como o Vigo daqueles anos, tan profusamente provinciana e tan allea no seu rostro máis convencional a canto significase delincuencia, que alguén tivese cometido un crime resultaba certamente espectacular e o coro de voces que se levantaron pedindo o rápido esclarecemento dos feitos contiña case a totalidade das voces dos habitantes da cidade ou, cando menos, as dos honorables habitantes que eran, en realidade, a maioría. E digo a maioría porque, para a minoría restante, o feito estaba perfectamente esclarecido e, mesmo, facía anunciar outros acontecementos da mesma índole nos meses seguintes.

Entre esta minoría da que falo estaba, sen dúbida, Toni Barreiro, noutro tempo coñecido como 'O Touro do Calvario' mercé á breve gloria que lle dera a súa afección polo boxeo e hoxe, vinte anos despois, empregado en moi distintas actividades, desde o cobro de morosos, para unha empresa que fundara un amigo e que lle ocupaba boa parte do seu tempo, á realización de pequenos arranxos de fontanería ou mesmamente a descarga de peixe no Berbés. Para Toni, moi curtido outrora na disciplina da Lexión e coñecedor como poucos dos submundos da cidade, un crime non era máis ca un síntoma que denotaba a existencia dunha enfermidade. Investigar o síntoma supuña, moitas veces, esquecer as razóns da enfermidade.

—É como se, cando tes febre, en vez de averiguar se padeces unha gripe ou acabas de coller o sarampelo te dedicases a pasear espido para enfriarte —diciálle a Elvis, arrimados os dous ao mostrador do bar Teide, no interior das galerías da rúa Colón, mentres sorbían o café da primeira hora da mañá e lían desde lonxe a primeira páxina do Faro de Vigo que, con grandes titulares, daba conta do suceso.

—Non sei o que opinarás ti —dixolle Elvis, sorbendo con ruído a súa cunca— pero eu sei dunha chea de tipos que están dispostos a matar. Sen ir máis lonxe, Laszlo, o que foi defensa central do Gran Peña...

—Cala, home, cala —dixolle Toni—. Laszlo é un bo amigo e completamente incapaz de matar unha mosca.

Elvis coñecera a Toni cando os dous traballaban para unha axencia de seguridade, unha das primeiras que se implantaran en España, poucos meses antes de que o xerente e único propietario decidise desfacerse do negocio por consideralo ruinoso. Desde entón, e a pesar de que a vida de cada un deles fora tomando tintes moi variados, mantíñanse unha total fidelidade, froito, sen dúbida, daqueles días de Segurasa, tantas veces rememorados nas súas conversas. Unhas veces era o propio Elvis quen lle propuña algún traballo ao seu amigo, outras era Toni quen lle pedía algún favor a Elvis. E, sempre, aproveitaban aqueles períodos de cooperación para afondar nunha amizade da que se sentían cada vez máis seguros.

—Cambiando de tema —dixo Toni—. Chamoume Rodríguez que quere que vaia velo. Seguramente ten algún traballo. Se me fas falta xa te avisarei.

Desde o interior do bar Teide, a luminosidade daquel día de outubro parecera ficar ausente da súa conversa. Cando saíron á rúa a luz da mañá sorprendeunos, como se esquecesen que xa era de día e que, por unha vez, a súa conversa non se desenvolvera na intimidade escura da noite.

—Vén tomar o café pola tarde —dixolle Elvis despois de despedirse e cando xa Toni comezaba a andar Colón arriba con aquel xeito seu tan característico.

—Se non veño déixoche recado polo camareiro —dixolle Toni—. Non sei o que quererá Rodríguez. Vén á casa se ves que non dou sinais de vida.

Aquel bulicio habitual dos días de traballo facíalle sentir certa felicidade. Sempre que se espertaba cedo

polas mañás e saía á rúa, o trafego de persoas e de coches transportábo a outros momentos da súa vida, mesmamente a outras cidades. Asubiou unha canción inventada mentres agardaba para cruzar o semáforo. Eran case as dez. Rodríguez incomodábase moito se chegaba despois desa hora. Fixo máis lixeiro o paso, como se estivese lembrando algún desfile dos seus tempos de lexionario, e cando atravesou o portal da oficina de Rodríguez non pasaran máis que tres minutos. Antes de entrar no ascensor sacou a chaqueta porque tiña medo de suar. Despois de tocar o timbre abriulle Loli, a secretaria de Rodríguez, unha rapariga aínda nova que, segundo todas as aparencias, era a amante do xefe.

–Creo que te está a esperar –díxolle–. Comezaba a pensar que te retrasarías.

–Non teñas medo, nena –díxolle Toni, mentres lle chiscaba o ollo dereito, nun aceno moitas veces repetido e que constituía un sinal de cariño entre os dous cada vez que se atopaban.

Abriu unha porta que daba ao despacho de Rodríguez e contemplou unha mesa chea de papeis xunto ao teléfono, un cinzeiro repleto de restos de tabaco e un pequeno aparello de radio que, desde un recanto e con moi pouco volume, espallaba unha musiquiña apenas perceptible. De pé, xunto á xanela, estaba Rodríguez.

–Ola, Xefe –díxolle.

–Xa ía sendo hora de que chegases –díxolle–. Pensei que non viñas. Séntate. Creo que teño un traballo para ti.

Toni coñecía aquela escena de memoria. Desde que comezara a traballar para Rodríguez, aquelas mesmas palabras, ou outras moi parecidas, foran ditas en repetidas ocasións ata chegar a ser como un sistema de salutación, carente por completo de significado.

–Vouche dicir do que se trata. Se non che gusta déixao. Aínda que, por esta vez, creo que che vou poder pagar bastante ben.

Rodríguez comezara as súas frases aínda de pé para rematalas sentado ante a súa mesa. Sostiña entre as mans un pequeno papel que dobrara moitas veces para ficar constituíndo finalmente un rombo.

–Verás. Un cliente meu telefonoume onte pola noite para contarme algo que eu non sabía. Trátase dun home para o que xa temos feito algúns traballos e que se distingue pola súa xenerosidade no pagamento. Esta vez prométenos algo máis do dez por cento aínda que o asunto non é tan complicado como noutras ocasións. O noso obxectivo neste caso vai ser un cadáver.

Toni escoitara con atención aquelas palabras e parecera alegrarse ante as promesas de aumentar a porcentaxe de beneficios. Só a frase final, dita por Rodríguez con maior intensidade, conseguira deixalo perplexo.

–Quere dicir que temos que cobrarlle unha débeda a un morto? –preguntou Toni, tratando de comprender o significado de todo aquilo.

–A un morto, precisamente, non. Do que se trata é de cobrar unha débeda que, seguramente, pasou aos seus herdeiros ou, en calquera caso, aos seus parentes, aínda que carecemos de información sobre cal pode ser a situación legal. Para o teu interese direiche que o total ascende a cincuenta millóns. Se aceptas iremos a medias. A metade para ti e a outra metade para min, que corro tamén cos gastos. Conseguirás en pouco tempo dous quilos e medio. Que me dis?

O rostro do ex-boxeador parecera acenderse cun brillo inusitado como se, despois das cábalas que fixera para coñecer a totalidade do que lle correspondería, unha explosión de gozo comezase a brotar no máis fondo da súa conciencia.

–Aceptado –dixo Toni–. Cando empezo a traballar?

–Cando ti queiras –díxolle Rodríguez–. O morto é o mesmo home que apareceu asasinado estes días na praia de Alcabre. Procura non comentar o asunto con ninguén. Podemos ter problemas coa policía.



–Ben. Vamos ver –dixo Toni–. Se non entendo mal o que ocorre é que o asasinado morreu debéndolle cincuenta millóns ao noso cliente e nós debemos saber quen son os herdeiros e pasarlles a factura. É así ou non?

–Efectivamente –dixolle Rodríguez–. Así de simple é o traballo, aínda que me temo que non vai ser fácil descubrir todo iso. Para o teu interese direiche que o noso cliente, quen demanda o cobro dos cincuenta millóns, é Don Reinaldo Cabreira, o propietario da inmobiliaria.

Mentres escoitaba isto, Toni fora sopesando os pros e os contras de todo aquel asunto. Tratábase dunha boa cantidade de diñeiro e, na súa situación, non podía negarse.

–Só hai un pequeno problema –dixo entón–. Necesito cen mil pesetas para gastos por adiantado. Traereiche todas as facturas como comprobante. Se sae ben descóntasme a metade. Se sae mal e non conseguimos cobrar xa veremos como o solucionamos.

–De acordo. Non hai ningún problema. Vai pensando en porte a traballar –dixolle Rodríguez mentres estendía un cheque por esa cantidade.

Cando saíu do despacho de Rodríguez intuíu que aquilo non sería fácil. Mentres baixaba Urzaiz abaixo lembrou a súa cita con Elvis. Dirixiuse novamente cara ao Teide e pediu outro café. Colleu do mostrador o Faro de Vigo e, sacando do peto da chaqueta un block que acostumaba a levar sempre consigo e no que tiña apuntado algún enderezo e varios números de teléfono, dispúxose a tomar nota dos detalles máis importantes do caso que o ocupaba. Segundo as informacións, o cadáver fóra depositado na praia entre as dúas e as tres da mañá e todo parecía indicar que o crime non tivera lugar no mesmo sitio. Alguén trasladara o cadáver ata alí. Debía tratarse de varias persoas ou, cando menos, dunha persoa corpulenta. En calquera caso, nos arredores inmediatos ao lugar en que aparecera o cadáver non había ningún

sinal que demostrase que o corpo de Luciano J. Puga fose arrastrado ata alí. Ollando as esquelas descubriu o nome da ex-muller de Luciano: Patricia Taberneiro. Sen dúbida, ela era a primeira persoa que debía visitar. Antes tiña que saber o seu enderezo. Non foi difícil porque deseguida asociou aquel nome ao dunha cadea de tendas de peletería moi coñecida na cidade.

–Canto é? –dixo, mentres remataba de dobrar as páxinas do xornal antes de dispoñelo novamente sobre o mostrador.

–Setenta pesetas –respondeulle o camareiro.

Sacou unha moeda e deixouna sobre o xornal.

–Deixa quedar así –dixo.

Cando saíu á rúa estaba disposto a visitar, antes de nada, unha das tendas de Patricia Taberneiro coa intención de contactar con ela. Unha lembranza repentina conseguiu, sen embargo, afastalo desa decisión. Nun instante, e mentres pensaba na posible beleza da muller que se escondía baixo o nome de Patricia Taberneiro, inundou a súa memoria o rostro e o fulgor de Katty España. Quedara de chamala por teléfono aquel día. Dubidou se baixar novamente ao Teide para facelo ou telefonala desde as cabinas da praza de Urzaiz. Finalmente decidiuse por seguir rúa arriba. Mentres marcaba o número do teléfono comezou a chover. Era un orballo miúdo que ameazaba con tinxir de gris toda a cidade. Os cristais da cabina comezaran a encherse de humidade no interior.

–Ola. Son Toni –dixo.

Unha voz feminina que falaba con lentitude e na que era posible encontrar certa ronqueira producida polo tabaco respondeulle desde o outro lado da liña.

–Aínda estou durmindo Toni –dixolle–. Pero se queres podemos quedar para comer. Que che parecen as terrazas do paseo de Afonso?

–Está chovendo, cariño –dixolle, esaxerando un pouco a entoación ao pronunciar a palabra cariño.

–Entón será mellor que quedemos aquí, xunto á miña casa, na pizzería que hai preto da esquina.

–Está ben. Sobre que hora?

–Sobre as dúas e media, máis ou menos. Vale?

–Vale. Ata logo.

Coñecera a Katty España noutros tempos cando ela cantaba cunha orquestra na terraza do Hotel Universal. Logo ela fixérase estrela do striptease cun pequeno número, cheo de suxerencias eróticas e no que exhibía todos os seus encantos, que comezara a representar nun pequeno local xunto á alameda. Aínda que non se vían con demasiada frecuencia, Katty tiña polo seu amante predilecto e, ao longo de todos eses anos, colléralle certamente cariño. Moitas tardes Toni visitábaa na súa casa e, aínda que non aceptara contemplar o seu espectáculo, levaba na súa carteira unha postal de Katty completamente espida cun sombreiro do oeste e correaxe con pistolas.

–Comigo es aínda moito máis fermosa –dixéralle nunha ocasión.

E era probablemente certo. Aquel aceno finxido que Katty ensinaba no seu espectáculo, mesmamente oculto moitas veces por tras de toda a maquixalle, desfacía o encanto do seu rostro. Encanto que, na intimidade, se tornaba máis expresivo, como se unha luz difusa e perdida tomase corpo na súa cara.

Mentres saía da cabina lembrou novamente á muller que debía visitar e, sen saber por que, aquel corpo tantas veces conquistado de Katty España se lle mesturou no desexo co de Patricia Taberneiro. Desde había algúns anos Toni mantiña unha relación moi desigual coas mulleres. O feito de ter ficado solteiro contribuíra a formar no seu carácter certos estados de misoxinia que, por momentos, se acentuaban nas súas conversas cos amigos.

Lembraba desde había varios anos aquela tenda de bolsos e de abrigos que existe na rúa do Príncipe: Peletería

Taberneiro. Tiña visto publicidade no cine na que se anunciaban outros establecementos co mesmo nome espallados por Vigo e por Galicia. Estivo algún tempo ollando o escaparate. Desde a rúa, a contemplación da montra permitíalle indagar no interior, saber cantas persoas traballaban no local e planear unha estratexia mínima de cara a saber onde vivía a muller que buscaba. Pensou que o mellor sería non dicir cal era o obxecto do seu interese e descubrirlo por medio dun oportuno rodeo. As dúas dependentas que había no lugar parecían vítimas propiciatorias para un alarde de astucia. Así que, cando entrou, en vez de dirixirse directamente cara a elas, entretívose aínda un tanto en contemplar as pezas que aparecían no escaparate para logo, no momento de ser abeirado por unha das dependentas, preguntar polos prezos dun bolso de señora.

–Este custa cinco mil. Ten unha feitura especial da nosa empresa. Moi propio para señoras de certa idade. Estase vendendo moi ben.

–Verá: o que eu quero é un regalo para unha muller maior. Algo discreto e bonito ao mesmo tempo.

–Temos esta outra gama, un pouco máis cara, claro está, que dá moi bo resultado.

Aquela conversa parecía non encamiñarse cara a obtención dos datos que precisaba. Decidiu entón comezar por facerse o desinformado.

–Estes bolsos son de importación ou están feitos pola súa propia empresa?

–Ah non. Verá. Esta tenda forma parte dunha cadea de tendas que venden os produtos de Patricia Taberneiro. Están espalladas por toda Galicia. Só vendemos os produtos da empresa.

–Vaites, vaites –dixo Toni, vendo que aquela conversa podería darlle resultados.

A rapariga que o atendía non parecía chegar aínda aos trinta e, nalgún momento da conversa, ao coincidir en as súas olladas, mirara para el cunha curiosidade da

que non estaba excluída a simpatía. Deuse conta entón de que o xeito máis fácil de investigar o enderezo de Patricia Taberneiro era consultar a Guía Telefónica. Seguramente viña o seu propio número ou, cando menos, o do seu home morto, Luciano J. Puga.

–E, estes outros, canto valen? –preguntou entón.

–Eses son máis baratos. Pero, se me permite a suxerencia, non creo que sexan adecuados para unha persoa de idade.

–Si. Claro. Ten razón. E dígame unha cousa. Tamén hai tendas desta empresa en Madrid?

–Que eu saiba non. De momento, estamos só en Galicia.

–Pois xa deben ter cartos os donos –dixo Toni, mentres examinaba un dos bolsos que lle trouxera a dependenta.

–Supoño que si –respondeulle-. Aínda que agora o futuro da empresa é un tanto confuso. Un dos principais accionistas acaba de morrer.

–Por certo –dixo, disposto xa a rematar aquela conversa e poder saír da tenda coa información que procuraba-, esta Patricia Taberneiro aínda vive ou é simplemente un nome para a cadea de tendas?

–Ah, por suposto que vive. Dona Patricia é unha muller que aínda non chega aos corenta. Vén moitas veces por aquí. Mesmamente é posible que veña hoxe.

–Non será da familia dos Taberneiro de Redondela.

–Pois non o sei. De todos os xeitos ela vive en Vigo. Na rúa Torre-Cedeira.

Aquela era a totalidade da información que procuraba. Sabía o número do portal da casa de Patricia Taberneiro porque nunha das fotos que vira na prensa aparecía aquela muller atravesando o portal da súa casa e xustamente víase o número por enriba da súa cabeza. Así que xa non precisaba descubrir máis nada. Empregou aínda algúns minutos en continuar a súa conversa mesturando diversos temas e, despois de desculpase por non comprar ningún dos bolsos, saíu.

Fóra, o fino orballo de había media hora continuaba precipitándose nas lousas do chan. Fixo un aceno co brazo para mirar a hora do seu reloxo. Faltaban dez minutos para a unha. Aínda tería tempo, antes de ir comer con Katty, de darse un paseo pola casa de Patricia. Decidiu tomar un taxi na parada máis próxima. Mentres se encamiñaba cara alí foi pensando nunha estratexia para conseguir entrar na intimidade da dama. Tiña a intuición de que nada máis dixese de que se trataba, alguén, probablemente a propia Patricia, decidiría invitalo a abandonar a casa. Foi camiñando polas beiras da rúa, ocultándose da chuvía debaixo dos balcóns. Colleu o primeiro taxi que atopou.

–A Torre-Cedeira número 72, por favor.

O taxista mirárao de esguello mentres se introducía no automóbil e agora, dado o costume que Toni adquirira de sentarse sempre no asento de atrás, continuaba a miralo a través do espello retrovisor.

–Parece que xa chegou o inverno –dixo, entendendo que unha conversa sobre o tempo era a máis adecuada para aquela situación.

–Xa ía sendo hora –respondeu o taxista-. Os que andamos metidos neste negocio aforramos o diñeiro de lavar o coche.

Atravesaron con celeridade as rúas centrais. Pouco despois de deixar atrás a Porta do Sol o automóbil chegou ao Paseo de Afonso. Desde alí, ensumido aínda no interior daquel vello taxi, Toni tivo tempo de contemplar a cor plúmbea da ría que se esparexía nos lonxes. Logo, ao virar cara a dereita para coller o principio de Torre-Cedeira, aquela imaxe perdeuse. De todas as cidades que coñecía non encontrara ningunha que gozase da beleza dun ámbito natural como o de Vigo. Lástima que o estragasen todo, pensou. A rúa Torre-Cedeira pareceulle un lugar pouco digno para unha muller dun estatus económico como o que parecía ter Patricia Taberneiro, a

viúva de Luciano J. Puga. Fechada en si mesma, aquela rúa evidenciaba que os construtores das casas, sempre proclives, polo que Toni sabía, á corrupción, conseguiran crear unha imaxe deprimente da cidade. As vistas sobre o mar desapareceran e, pola contra, deixaran unha sensación de encaixonamento.

–Canto lle debo –preguntoulle ao taxista.

–Cento vinte, se fai favor –respondeulle.

Tomou dúas moedas do peto do pantalón e dixo:

–Cobre cento cincuenta.

Xa fóra do taxi reparou en que o portal que agora tiña diante súa era o mesmo que vira na foto dos xornais. Sen dúbida, debía ser o lugar de residencia de Patricia Taberneiro. Viu que, a pesar do aparatoso e do luxo dos elementos construtivos, o edificio carecía de vixiante. En troques, a primeira visión salientaba unha porta suntuosa, sen dúbida moi pesada, e un aparello de telefonía que conectaba directamente co interior dos pisos. Despois de mirar se viña alguén camiñando pola rúa e ollar no interior do portal, sacou unha navalla do peto da chaqueta e, tras dúas ou tres tentativas, conseguiu abrir a porta. Gardou novamente a navalla e, despois de fechar a porta, subiu tranquilamente a breve escalinata que o separaba do descanso en que se encontraban os ascensores. Enfronte había un pequeno espazo que conectaba co inicio das escaleiras e no que se encontraban as caixas de correos. Conseguiu individualizar inmediatamente as palabras Patricia Taberneiro entre todo aquel conxunto de nomes e apelidos. Resultoulle curioso comprobar que ninguén fixera mudar a tarxeta da caixa de correos sobre a que seguían escritas, por enriba do nome de Patricia, as palabras Luciano J. Puga. Xa dentro do ascensor marcou o sexto andar. Aproveitou a breve ascensión para ver o seu aspecto no espello e pasarse unha man polo cabelo co fin de aplacar algunhas zonas que se lle encresparan coa chuvia.

Cando a porta do ascensor tornou abrirse, Toni sentiu desexos de premer novamente o botón e baixar outra vez ao portal. Non era que fose medoñento. Nunca tivera medo de nada e moito menos de persoas como aquelas ás que el consideraba finas, pero a proximidade e o ton dunha conversa que escoitou por tras dunha das portas parecíralle, e non sabía por que, un sinal de perigo. Unha forza contraria, sen embargo, conseguiu reanimalo e facelo saír do fondo do ascensor. Por un instante as voces fixéranse máis distantes, como se aqueles corpos que parecían axitarse nos prolegómenos dunha pelexa, comezasen a afastarse da porta de saída. Comprobou, como esperaba, que a vivenda de Patricia enchía toda a parte de atrás e parecía estar constituída pola unión de dous pisos. Agardou algúns instantes en silencio, escondido por tras dunha breve columna que se estendía no corredor e, despois de verificar que aquelas voces continuaban, pero máis lonxe, achegouse a unha das portas, ensumido xa na escuridade total, cando a luz das escaleiras se apagou.

Segundo intuía desde o primeiro momento, as voces correspondían a un home e a unha muller. A del, que parecía ter certas dificultades para expresarse e arrasaba un pouco os erres, como se fose orixinario dalgún país nórdico, era, sen dúbida, a máis acougada. A voz dela, pola contra, parecía conter moita furia reprimida, como se o ímpeto que a presenza daquel home provocaba tropezase contra un grande valado insuperable.

Por un instante Toni tivo ganas de chamar ao timbre pero, logo, despois de meditar no inoportuno da súa aparición, decidiu agardar por se conseguía oír algo digno de ser repetido, mesmamente, como argumentación en todo aquel asunto. Sen embargo, a violencia da conversa pareceu diminuír e, durante algúns momentos, imperou o silencio. Logo, cando parecía que novamente irromperían as voces dela, escoitáronse pasos no corredor da vivenda

e Toni apenas tivo tempo de botarse atrás e agacharse no oco da escaleira. Cando a porta se abriu escoitáronse gritos.

–Vaite, vaite –diciá.

O home saíu da vivenda e entrou no ascensor. Debía ter algo máis de cincuenta anos. O cabelo xa cincuenta minguara en cantidade por enriba da fronte e un pequeno bigote branco lle confería ao seu rostro o aspecto típico dos anos da posguerra. Unha vez fechou a porta, desapareceron todo tipo de sons e de gritos e, instantes despois, antes de que a luz do ascensor se acendese indicando que aquel suxeito chegara á planta baixa, comezou a soar unha música de violíns que parecía brotar desde moi lonxe.

Toni decidiu que deixaría a visita para máis tarde. Acendeu un cigarro e baixou fumando polas escaleiras. Fixo memoria para lembrarse do rostro do home que acababa de ver pero non conseguiu situalo. Resultáballe, sen embargo, coñecido. Cando chegou ao portal encontrouse outra volta co mesmo silencio. Parecía como se naquel edificio non vivise ninguén. Nin unha radio, nin unha voz. Só aquel son remoto que deixara no sexto andar, aquela música de orquestra sinfónica que Patricia Taberneiro puxera para esquecerse do home do ascensor.

## Capítulo segundo